



Grupo Euskaltel

**O Grupo desenvolveu un plan fronte á crise cos obxectivos de garantir unha conexión de calidade aos seus clientes, reforzar os servizos ofrecidos aos clientes de maneira gratuíta para axudalos no confinamento, e adoptar as medidas necesarias para manter a clientes e empregados seguros**

## **O Grupo Euskaltel crece en ingresos e rendibilidade e ultima o seu lanzamento comercial nacional coa marca Virgin**

- O Grupo Euskaltel iniciou o ano con forza e pecha o primeiro trimestre con crecemento nas súas principais magnitudes operativas e financeiras.
- O operador está preparado para iniciar a súa expansión nacional mediante a marca Virgin e conta xa con acceso a máis de 13 millóns de fogares en España. Realizou con éxito as probas piloto con clientes en diferentes puntos do Estado, con acceso a todos os seus servizos converxentes de telefonía fixa e móbil, banda larga ultrarrápida e Televisión 4K.
- A compañía completou o seu sexto trimestre consecutivo de crecemento de clientes de rede fixa, cun aumento de 400 clientes, impulsado principalmente polas áreas de expansión fóra dos tres territorios tradicionais do Grupo.
- Os produtos contratados no segmento residencial incrementáronse en 59.000 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e reflicten a solidez da base de clientes de alto valor do Grupo.
- O Grupo consolida o seu liderado no segmento de telefonía móbil ao sumar 36.500 novas liñas. Os produtos de banda larga aumentan en 17.000 novas liñas. En TV, crece con 16.000 novos servizos. O Grupo conta cunha penetración de TV superior ao 70 % da súa base de clientes.
- A carteira de clientes de alto valor engadido con contratos de 3 e 4 produtos segue crecendo mostrando a súa solidez, nos niveis máis altos do sector, cunha media récord de 3,68 produtos contratados por usuario.
- No segmento Empresa, continúa a tendencia positiva, conseguindo un notable incremento de clientes en pequenas e medianas empresas e grandes contas.

- **Crecedemento positivo dos ingresos do 0,1 % no primeiro trimestre de 2020, en comparación co mesmo período do ano anterior, o que supón o segundo trimestre consecutivo de crecedemento de ingresos.**
- **Forte aumento da rendibilidade. O ebitda situouse en 88 millóns no Q1 2020, un 8,1 % máis que hai un ano. A marxe de ebitda aumentou até acadar o 51,1 % dos ingresos, fronte ao 47,3 % do ano anterior, cun crecedemento interanual de máis de 380 puntos básicos, sendo referente entre as compañías europeas do sector.**
- **O notable crecedemento do ebitda traducíuse nunha maior xeración de caixa. O fluxo de caixa operativo ascendeu a 49,1 millóns de euros – próximo ao 29% dos ingresos - no Q1, crecendo un 5,5 %.**
- **Como resultado destes sólidos resultados financeiros, a compañía decidiu manter a súa política de dividendos para 2019, e confirma o mantemento dos obxectivos para 2020 comunicados ao mercado. O dividendo de 2019 será de 0,31 euros por acción. A compañía pagará un dividendo complementario de 0,17 euros por acción o próximo 5 de xullo.**
- **O Grupo implantou as medidas impostas polo Goberno fronte á COVID-19 mentres continúa ofrecendo un servizo de alta calidade e incrementou o nivel de servizo aos seus clientes co obxectivo de axudar a soportar as medidas de illamento.**

**Bilbao, 22 de abril de 2020.** O Grupo Euskaltel –que integra as marcas Euskaltel, R e Telecable-fixo públicos esta tarde os datos correspondentes ao primeiro trimestre de 2020, que confirman o crecedemento tanto en ingresos como en rendibilidade, e permitiranlle o seu lanzamento comercial a nivel nacional de maneira inmediata, a través da marca Virgin.

Estes datos confirman que o Grupo Euskaltel iniciou con forza o exercicio 2020, a pesar do impacto da situación creada pola pandemia da COVID-19, e da súa incidencia no sector na segunda quincena de marzo, como consecuencia das medidas adoptadas dentro do Estado de Alarma para facer fronte á pandemia.

### **Crece a base de clientes de valor**

A compañía completou o seu sexto trimestre consecutivo de crecedemento de clientes de rede fixa, cun aumento de 400 clientes no primeiro trimestre, impulsado principalmente polas áreas de expansión fóra dos tres territorios tradicionais, Euskadi, Galicia e Asturias. A compañía agarda que se manteña esta tendencia positiva a medida que avance o exercicio coa expansión nacional que se iniciará en breve.

A base de clientes de alto valor seguiu crecendo durante o primeiro trimestre de 2020. Os produtos contratados no segmento residencial incrementáronse en 59.000 con respecto ao mesmo período do ano anterior, reflicten a solidez da base de clientes de valor do Grupo. A carteira de clientes con contratos de 3 e 4 produtos continúa aumentando, nos niveis máis altos do sector. Os clientes do Grupo Euskaltel contrataron en Q1 de 2020 unha media récord de 3,68 produtos por usuario.

No segmento de telefonía móbil suma 36.500 novas liñas. Os produtos contratados de banda larga ultrarrápida aumentan en 17.000 novas liñas. A Televisión con descodificador 4K e integración de plataformas e servizos OTT continúa a medrar, con 16.000 novos usuarios, e cunha penetración superior ao 70 % da súa base de clientes.

No segmento Empresa, continúa a tendencia positiva, conseguindo un notable incremento de clientes en pemes e grandes contas, co que a base de clientes alcanza preto de 16.000 no primeiro trimestre de 2020, grazas ao seu modelo comercial simplificado e unificado, e ao lanzamento dunha ampla oferta de produtos e servizos baseados na calidade e capacidade da súa rede de fibra óptica de última xeración.

A este respecto, cabe destacar que a crise da COVID-19 deu lugar a un significativo aumento da demanda dos clientes B2B, xa que as necesidades de teletraballo e ciberseguridade das empresas se incrementaron notablemente durante este período. A proximidade do Grupo ás empresas necesitadas destes servizos en Euskadi, Galicia e Asturias posibilitou a posta en marcha urxente e o desenvolvemento destes servizos imprescindibles nun momento de crise como o actual, a través dos equipos de empresa en Euskaltel, R e Telecable.

### **Crece o ebitda e a xeración de caixa**

O Grupo comeza o ano cumprindo os seus obxectivos, cun impacto limitado e controlado da crise. As melloras operativas e financeiras, así como as medidas de eficiencia implantadas e o crecemento na base de clientes, permitiron que as súas principais magnitudes operativas e financeiras sigan en aumento.

O Grupo continuou a tendencia positiva iniciada nos meses anteriores e obtivo un crecemento positivo dos ingresos do 0,1% no primeiro trimestre de 2020, en comparación co mesmo período do ano anterior, o que supón o segundo trimestre consecutivo de crecemento de ingresos.

As medidas de eficiencia implantadas impulsaron un forte incremento da rendibilidade da compañía. O ebitda situouse en 88 millóns de euros no Q1 2020, un 8,1 % máis que hai un ano. A marxe de ebitda aumentou até acadar o 51,1% dos ingresos, fronte ao 47,3% do ano anterior, cun crecemento interanual de máis de 380 puntos básicos, sendo referente entre as compañías europeas do sector.

O forte crecemento do ebitda traduciuse nunha maior xeración de caixa. O fluxo de caixa operativo ascendeu a 49,1 millóns de euros – próximo ao 29 % dos ingresos - no Q1, crecendo un 5,5 %.

Grazas á sólida xeración de fluxo de caixa, o efectivo xerado durante o primeiro trimestre de 2020 permitiu que o cociente de apancamento continúe mellorando até situar a débeda en 4,12 veces o ebitda.

## **Distribución de dividendo complementario de 0,17 euros por acción**

Como resultado destes sólidos resultados financeiros, a compañía decidiu manter a súa política de dividendos para 2019, e confirma o mantemento dos obxectivos para 2020 comunicados ao mercado. O dividendo de 2019 será de 0,31 euros por acción. Despois de pagar aos seus accionistas un dividendo a conta por un importe de 0,14 euros brutos por acción o pasado 5 febreiro, a compañía distribuirá un dividendo complementario de 0,17 euros por acción o próximo mes de xullo. Trátase do cuarto ano consecutivo de reparto de dividendo desde a saída a Bolsa da compañía en xullo de 2015.

A sólida evolución financeira do Grupo Euskaltel no trimestre, que permitiu á compañía manter a súa política de dividendos, sostense sobre o crecemento das principais magnitudes financeiras no trimestre: forte crecemento do ebitda dun 8 % interanual, crecemento dun 6 % interanual na xeración de caixa, e desapancamento significativo até 4.1x no trimestre.

## **Plan fronte á COVID-19 con tres obxectivos: seguridade, conectividade e servizo**

O Grupo implantou as medidas impostas polo Goberno mentres continúa a ofrecer un servizo de alta calidade e incrementou o nivel de servizo aos seus clientes co obxectivo de axudar a soportar as medidas de illamento (#euquedonacasa).

Desde o inicio da crise COVID-19 a mediados de marzo, o Grupo Euskaltel definiu un plan para facer fronte a esta situación extraordinaria. O primeiro obxectivo centrouse durante este mes en manter os clientes e empregados seguros, cumprindo coas medidas implantadas polo Goberno e implantando medidas internas de seguridade, como o teletraballo. Practicamente o 100 % do persoal e o 90 % dos empregados dos call-centers atópanse teletraballando, mentres o 70 % dos puntos de venda mantéñense abertos, con todas as medidas de seguridade para cumprir cos requisitos de atención directa impostos polo decreto de servizos esenciais do Goberno.

O segundo obxectivo consistiu en manter os clientes conectados. Para iso, máis de 800 técnicos dos equipos de Sistemas e de Rede do Grupo Euskaltel traballan co obxectivo de garantir unha rede de calidade e están a dimensionar a rede de Euskaltel para soportar os incrementos de tráfico inusuais, controlando 24x7 os diferentes tráfico para identificar picos de uso superiores e lanzar as ampliacións correspondentes. Todo iso co obxectivo de proporcionar unha boa experiencia de usuario, máis aínda nestes momentos nos que as familias, as empresas e os servizos sanitarios e de emerxencias precisan estar conectados.

O reforzo dos servizos de telecomunicacións foi o terceiro obxectivo da compañía. Estes esforzos estiveron concentrados en axudar os clientes a facer fronte ás necesidades de comunicación e lecer en familia, e as empresas nas súas necesidades de asesoramento tecnolóxico.

Así, en canto aos seus clientes residenciais, hai que destacar iniciativas como:

- Apertura de canles infantís e de cine do seu servizo de TV para todos os usuarios, independentemente do paquete que tivesen contratado.
- Incorporación ao vídeo on demand dun Especial educativo da canle Historia enfocado aos estudantes.
- Aumento de conexión móbil de 30 Xigas de datos gratuítos para as persoas que non teñan posibilidade de usar a rede fixa.
- Incorporación de novas canles á oferta de televisión, como Surf Channel, para todos os usuarios.
- Reforzo da súa oferta de lecer con 100 novos títulos de cine de forma gratuíta no seu catálogo de vídeo baixo demanda.
- Acceso gratuíta a todas as persoas hospitalizadas, tanto clientes como non clientes, á TV online do Grupo Euskaltel.

No ámbito dos seus clientes empresariais, a compañía beneficiouse da súa proximidade xeográfica a respecto dos seus clientes e ofreceulles solucións a medida, destinadas a satisfacer o seu aumento de demanda e servizos durante a crise, con medidas a destacar como:

- fortaleceu e dimensionou a rede para garantir ás compañías a continuidade do servizo ante o incremento do teletraballo. Tamén habilitou en tempo récord accesos VPN, solucións cloud, etc.
- Plataforma de formación Online gratuíta durante este período para os clientes de empresa mediante campañas quincenais orientadas á mellora do teletraballo con contidos como ciberseguridade, teams, motivación, etc.

### **Evolución do tráfico de rede durante a alarma sanitaria**

A evolución do tráfico de telefonía e datos durante o Estado de Alarma mostra cifras que reflicten como as familias utilizan moito máis o teléfono fixo, cuxo uso aumentou un 90 %, e o tráfico medio cursado a través do teléfono móbil incrementouse un 65 %.

O acceso a Internet mostra un incremento diario do tráfico do 71 %, acadados os 5,3 Petabytes (5,3 millóns de Xigabytes), fronte á media anterior de 3,1 Petabytes, cun dato moi gráfico, como é o crecemento superior ao 300 % no volume de datos utilizados mediante whatsapp.

No que respecta á televisión, Euskaltel constatou que nestes momentos o consumo medio diario é de 5,4 horas diarias, isto é, un 45 % máis do habitual. Ademais, o tempo consumido na oferta de contidos na televisión en directo medrou nun 47 % (até as 4,5 horas diarias) e a demanda de contidos on demand incrementouse un 32 % a respecto de febreiro. Pola súa banda, os consumos de contidos infantís en televisión aumentaron un 54 % e os consumos de contidos de cine para toda a familia, un 55 %.